

## EXPEDIENTE 1627/2023

LEOPOLDO MOURE DOPICO (1 page 3)  
Interventor do Concello de Silleda  
Data de Sinalura: 27/06/2024  
HASH: edaa5914fcf95a414a554c5da79dc36

Copieq  
Sella  
C6

CARMEN MIRANDA POSSE (2 page 3)  
AVOGADA CIM  
Data de Sinalura: 27/06/2024  
HASH: 63d4265e8a8fb2b1ef251ecdd49590269

Copieq  
Sella  
C6

Juan Carlos Petelo Rodríguez (3 page 3)  
AEDL  
Data de Sinalura: 27/06/2024  
HASH: 6632597b48ebf537430cbdbab99e

Copieq  
Sella  
C6

Sendo as 9:00 horas do día 25 de xuño de 2024, o Tribunal cualificador do proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial, arquitecto técnico/a, reúñese vía videoconferencia para o estudio e resolución das alegacións efectuadas ao listado provisional da puntuación do terceiro exercicio da oposición, coa presencia das seguintes persoas integrantes do Tribunal:

PRESIDENTE:

Titular.- Leopoldo Moure Dopico (Interventor Concello de Silleda)

SECRETARIA:

Titular.- Carmen Miranda Posse (Avogada do CIM do Concello de Silleda)

VOGAIS:

Titular.- Verónica Chaves González (Arquitecta Técnica do Servizo de Arquitectura da Deputación de Pontevedra)

Titular.- María Elena Pérez Alonso (Xefa da Sección de Conservación e Explotación do Servizo de infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra)

Titular.- Juan Carlos Peteiro Rodríguez (AEDL do Concello de Silleda).

A presidencia declara constituído o Tribunal cualificador.

Transcorrido o prazo para formular alegacións ao resultado provisional da puntuación do terceiro exercicio da oposición, procede o Tribunal no presenta acto á resolución das mesmas.

Nº SOLICITUDE	1 E 2
Nº REGISTRO DE ENTRADA	2024-E-RE-888 e 2024-E-RE-889
SOLICITUDE	SOLICITUDE NÚMERO 1: 2024-E-RE-888 EXPÓN "Que participei no proceso selectivo para posto de Arquitecto Técnico, funcionario de carreira, e desexo presentar as seguintes alegacións á corrección e valoración do mesmo, realizada polo Tribunal.



		<p><b>SOLICITA</b> Se teñan en conta, e se estime a súa procedencia e influencia na valoración do exame"</p> <p><b>SOLICITUDE NÚMERO 2: 2024-E-RE-889</b></p> <p><b>EXPÓN</b> "Achego documento anterior con alegación ao exame de Arquitecto Técnico asinado dixitalmente, o anterior non estaba asinado.</p> <p><b>SOLICITA</b> Que se engada a documentación á anterior da mesma data, con número de rexistro de entrada pola sede electrónica, 2024-E-RE-888"</p>
RESOLUCIÓN ALEGACIÓNS	DAS	<p><b>SOLICITUDE NÚMERO 2: 2024-E-RE-889</b> Se procede a engadir a documentación á presentada anteriormente polo mesmo aspirante na mesma data, con número de rexistro de entrada pola sede electrónica 2024-E-RE-888</p> <p><b>SOLICITUDE NÚMERO 1: 2024-E-RE-888</b> <b>DESESTIMADAS POR UNANIMIDADE</b> do Tribunal cualificador</p> <p><i>Resolución alegacións ao suposto práctico Número 1</i></p> <p>Apartado N°1:</p> <p>No primeiro apartado -cunha valoración de 1,50 puntos- pregúntase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Se o orzamento está completo e no suposto de que se omitise algún capítulo indicar cal sería.</li> <li>- Como se redactaría o seu contido en fase de proxecto cunha resposta curta de menos de 30 liñas.</li> </ul> <p>Considerando como resposta correcta a ausencia dos capítulos de xestión de residuos, control de calidade e seguridade e saúde, outórganse 0,25 por cada un deles.</p> <p>O aspirante contestou correctamente a dous dos tres capítulos que faltan obtendo unha puntuación de 0,50 puntos.</p> <p>Respecto á explicación sobre o seu contido en fase de proxecto o aspirante só fai referencia ao control de calidade, valorándose esta parte con 0,25 puntos. Respecto á seguridade e saúde, a explicación é moi parca e non chega a explicar dun modo abreviado a necesidade ou diferenza dun estudo básico ou un estudo de seguridade e saúde, sen ter que entrar no detalle do contido de cada documento. Polo exposto valorouse a súa explicación con 0,10 puntos.</p> <p>Respecto á xestión de residuos non fai mención a ela, de modo que non é posible valoralo.</p> <p>Na súa resposta procede, a maiores, a calcular o orzamento de execución material e o orzamento base de licitación, que non son obxecto deste apartado, xa que se preguntan no apartado número 2 e polo tanto valóranse as súas respostas nel.</p>



	<p>De conformidade co exposto, considérase que a puntuación outorgada no apartado 1 do Suposto práctico número 1 é a adecuada.</p> <p>Apartado N°3:</p> <p>No terceiro apartado -cunha valoración de 1,00 punto- referente a unha adxudicación con único criterio baseado nun prezo pregúntase:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Empresa adxudicataria, coeficiente de adxudicación e a porcentaxe de baixa</li> <li>- Garantías</li> </ul> <p>En primeiro lugar e en referencia á adxudicación da obra enténdese que ao establecerse un único criterio baseado no prezo na adxudicación é a empresa que presenta a oferta máis económica, que neste caso é a "Empresa B".</p> <p>Ao facer os cálculos co importe ofertado pola "Empresa B" obtense unha porcentaxe de baixa do 12,31 por cento correspondente a un coeficiente de adxudicación de 0,8769.</p> <p>O aspirante contestou erróneamente xa que afirma que a empresa adxudicataria sería a "Empresa A" cunha porcentaxe de baixa do 3,89%.</p> <p>Con todo, a pesar do seu erro, valorouse con 0,15 puntos a explicación teórica e o grao de coñecemento exposto sobre as licitacións, ao facer referencia ás ofertas anormalmente baixas.</p> <p>Por outro lado, na súa contestación non fai referencia á parte de garantías razón pola que non obtén os 0,50 puntos que valería este subapartado.</p> <p>Polo exposto considérase que a puntuación outorgada neste apartado é adecuada.</p> <p>Resumindo, no que respecta ao Suposto práctico Número 1 a puntuación outorgada considérase correcta e adecuada.</p> <p><i>Resolución alegacións ao suposto práctico Número 2</i></p> <p>1.1. Indicar o réxime urbanístico aplicable a parcela. (1 punto)</p> <p>O réxime da Disposición Transitoria 1ª.1.a) da LSG é de aplicación ao PXOM de Silleda en virtude da Disposición Transitoria Segunda da LSG e da Disposición Transitoria Segunda do RLSG. O réxime a aplicar é o disposto no planeamento respectivo, en vigor.</p> <p>Unicamente se clasificou no réxime global de solo urbano. Non se especificou a categoría entre os dous tipos existentes (solo urbano consolidado e non consolidado). E non se especificou a zona e ordenanza aplicable: Ordenanza 2 (O-2) Residencial en Quinteiro Pechado.</p> <p>Non se interpretou e identificou o plano V.06 Ordenación de Distrito 1: Núcleo urbano de A Bandeira (folla C3) a escala 1:1000 entregado, nin a normativa con tres ordenanzas diferenciadas facilitadas.</p>
--	---



	<p>1.2. Análises das afeccións sectoriais. (1 punto)</p> <p>A puntuación deste apartado repartíase a partes iguais entre as dúas afeccións sectoriais representadas no plano V.06 Ordenación de Distrito 1: Núcleo urbano de A Bandeira (folla C3) a escala 1:1000 entregado.</p> <p>A referencia a afección patrimonial referenciada polo interesado está valorada coa puntuación máxima de 0,50 puntos.</p> <p>Pola contra a da estrada nacional, penalizada coa metade da puntuación (0,25 puntos) pola falta de referencia ao articulado e normativa específica de aplicación, así como referencia a particularidade de tramos urbanos.</p> <p>1.3. Descripción do procedemento legal a seguir e documentación a presentar para a obtención do título habilitante municipal necesario para a execución das obras pretendidas por parte do propietario así como para o desenvolvemento da futura actividade. (2 puntos)</p> <p>A definición do enunciado especificaba, para este apartado, que as obras necesarias para implantar a actividade de albergue turístico eran obras de rehabilitación e de ampliación.</p> <p>Por parte do interesado non se analizou un análise da entidade das obras a realizar.</p> <p>As obras de rehabilitación e ampliación, non teñen encaixe dentro de obras menores.</p> <p>As obras de ampliación producen unha variación da volumetría e alteran a configuración arquitectónica do inmoble (Definición obras apartado 9 do Anexo I do RLSG e art. 2.2.b) da Lei 38/1999 do 5 de novembro, de ordenación da edificación). Polo que están suxeitas ao réxime de licenza, nos termos dos art. 142.2.a) da LSG, do 351.1.a) do RLSG e do art. 2.2.b) da Lei 38/1999 do 5 de novembro, de ordenación da edificación. A maiores o art. 360.3.d) exclú expresamente do réxime de comunicación previa a implantación dun uso residencial (público neste caso).</p> <p>Non se especificaba claramente os pasos ou procedemento a seguir para a tramitación das obras e da actividade.</p>
--	--

Rematado o estudio e resolución das reclamacións presentadas, polo Tribunal procédese a establecer o resultado definitivo do terceiro exercicio do procedemento selectivo para a cobertura, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial: Arquitecto Técnico/a, co seguinte resultado

NOME	APELIDOS	PUNTUACIÓN SUPUESTO PRÁCTICO 1	PUNTUACIÓN SUPUESTO PRÁCTICO 2	PUNTUACIÓN SUPUESTO PRÁCTICO 3	PUNTUACIÓN TOTAL	APTO
ELÍAS	GONZÁLEZ ROMA	2,90	5,5	2,75	11,15	APTO



Ao abeiro do exposto con anterioridade e tendo en conta os resultados definitivos do primeiro, segundo e terceiro exercicio do procedemento selectivo para a cobertura, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial: Arquitecto Técnico/a, o Tribunal ACORDA POR UNANIMIDADE:

Primeiro.- Establecer o resultado definitivo do procedemento selectivo para a cobertura, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial: Arquitecto Técnico/a, co seguinte resultado:

NOMBRE	APELIDOS	PUNTUACIÓN EXERCICIO 1	PUNTUACIÓN EXERCICIO 2	PUNTUACIÓN EXERCICIO 3	PUNTUACIÓN TOTAL
ELÍAS	GONZÁLEZ ROMA	5	10	11.15	26,15

Segundo.- Elevar a Alcaldía, o nomeamento de ELÍAS GONZÁLEZ ROMA como persoa candidata que superou o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial: Arquitecto Técnico/a.

Terceiro.- Proceder á publicación do resultado definitivo do procedemento selectivo para a cobertura, pola quenda libre, mediante o sistema de oposición, dunha (1) praza de persoal funcionario de carreira da escala de Administración especial: Arquitecto Técnico/a, no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello de Silleda.

Non habendo máis asuntos que tratar dase por remato o acto, estendéndose a presenta acta que é asinada por todas as persoas integrantes do Tribunal, do que dou fe

*Documento asinado dixitalmente*

*Presidente, Leopoldo Moure Dopico*

*Vogais, Verónica Chaves González, María Elena Pérez Alonso, Juan Carlos Peteiro Rodríguez*

*Secretaria, Carmen Miranda Posse*

**VERÓNICA  
CHAVES  
GONZÁLEZ -  
76820979J**

Firmado digitalmente  
por VERÓNICA  
CHAVES GONZÁLEZ -  
76820979J  
Fecha: 2024.06.27  
13:40:55 +02'00'

Firmado por MARÍA ELENA  
PÉREZ ALÓNSO - \*\*\*2799\*\*  
el día 28/06/2024 con un  
certificado emitido por AC  
CAMERFIRMA FOR NATURAL  
PERSONS - 2016



